

Iluminadas. A orde violeta.

Dores Tembrás

Mentres fago a torta do aniversario de R. prendo o streaming. As pólas das árbores enmarcadas. Zoa o vento e busco amparo nas voces de Susana Pedreira e Diana López, que abren a xornada da VIII edición de *As Mulleres que opinan son perigosas*. Este ano propúxenme non perder ningún relatorio. Escoitalas a todas. Poño a proba a dislocación entre a cociña e o Teatro Principal de Pontevedra.

Coas palabras de A. Yáñez lembro que hai quince días, na presentación do libro *Luzeiras*, tiven que pensar en como me convertín nunha muller que opina. Aínda non estou segura de pertencer a esa orde. Igual que acontece coa denominación poeta, son as túas pares e lectoras as que deciden se o es. E se non me tiveran convidado a escribir en Luzes? Adáñez describe os tipos de artigo de opinión. Réndeme coa súa seguridade mentres explica a clasificación, cunha lucidez que me interpela. Eu escribo dende o íntimo, percorro ese arco que agroma no cotiá, agárrome a el, como agora ao relador, mentres a cenoria cae no prato. Tento responder a esta pregunta: hai alguén a quen lle importe a miña opinión? Que valor ten? Por que a esfera pública non me resultaba atractiva ou relevante? Sempre foi abondo compartir coas amigas, compañeiras, outras poetas, editoras... Decátome de que subestimaba a importancia, o impacto dunha opinión que se publica. Por que non me interesaba ese espazo? Descubro escoitándoas, iluminadas polo violeta do escenario, que algunhas delas seguen a buscar respostas. A súa compañía leveda a tarde igual que a torta. E vexo nun plano a Claudia Morán entre o público. Mándolle unha mensaxe, dígolle que estamos xuntas.

Asinto cando falan da autocrítica, da severidade coa que xornalistas que leo ou escoito acotío tratan o seu propio traballo. Das dificultades, das renuncias. A encrucillada permanente de ser muller e profesional nos medios. Dar un paso atrás, recollerse. Dar un paso adiante, compartir. A trampa da excelencia.

Reviso mentalmente os artigos ou reportaxes que asinei. Son poucos. Só escribo aguilloada pola urxencia. O detonante poder ser a morte de John Berger, as maternidades, a devoción por Xohana Torres ou Luz Pozo, os procesos creativos nos chefs estrela Michelin, a saúde mental, a pandemia... Escolmo o que considero imprescindíbel. Aseguro así o seu valor? Que temes? Empuño cada motivo coa esperanza de que a curiosidade, o entusiasmo ou a paixón convertan as miñas palabras en algo que importe. Hai temas especificamente femininos? Non.

Pasan as horas na súa compañía. Eu querría estar alí, sentada no patio de butacas. Para o ano non falta. Imaxino poder conversar con Adáñez, preguntarlle a Ana Marcos e Elena Reina polo custe persoal de traballar como elas o fan. Ou a Raquel Rosa, pola coraxe de poñer o foco no que nos atravesa: "Pensei na nai do maquinista". Estar. Miralas de preto. Darnos a man. Aplaudir na foto final. Gardar o fío que nos tendemos unhas a outras ao lérmonos. Como é invisíbel, non poden rompelo.